



ÍNDICE

| | |
|--|-----|
| - Limiar | 3 |
| - Novos-as compañeiros-as de viaxe | 4 |
| - A Tixosa | 5 |
| - Homenaxe a Manuel María | 7 |
| - Proxectos para este curso | 8 |
| - <i>Xa estamos no outono</i> | 12 |
| - <i>Coidamos o Medio Ambiente</i> | 14 |
| - <i>A chegada ó Novo Mundo</i> | 15 |
| - <i>¡E xa chega O Samaín!</i> | 20 |
| - <i>Fomos ó teatro</i> | 21 |
| - <i>Chega o Magosto... e chega Tía Pepa</i> | 26 |
| - <i>Saída á praia da Corna</i> | 32 |
| - <i>A vida das baleas</i> | 33 |
| - <i>No fondo do mar... hai moito que ler</i> | 34 |
| - <i>Un acuario na aula de 2º</i> | 36 |
| - <i>Life in the deep blue sea</i> | 37 |
| - <i>6 de decembro: Día da Constitución</i> | 38 |
| - <i>Nadal Natural</i> | 40 |
| - <i>Desastre no Océano Índico</i> | 42 |
| - <i>30 de xaneiro: Día da Paz</i> | 44 |
| - <i>¡Que cedo chegou o Antroido!</i> | 48 |
| - <i>Concerto didáctico</i> | 52 |
| - <i>I watch the marine animals</i> | 53 |
| - <i>8 de marzo: Día da muller</i> | 54 |
| - <i>¿Quen é Gustavo Otero?</i> | 56 |
| - <i>Un ano do 11 M</i> | 60 |
| - <i>Temos un Museo Virtual</i> | 61 |
| - <i>Día da Árbore</i> | 62 |
| - <i>Grandes inventos da historia</i> | 64 |
| - <i>"Entre Nós, en Galego"</i> | 66 |
| - <i>Obradoiros</i> | 68 |
| - <i>Hans Christian Andersen</i> | 69 |
| - <i>Un cachiño de mar no cole</i> | 72 |
| - <i>Lecturas cooperativas</i> | 74 |
| - <i>Exposición de fotografías</i> | 75 |
| - <i>Concurso Literario</i> | 76 |
| - <i>Actividades Medioambientais</i> | 82 |
| - <i>Clasificamos cunchas</i> | 85 |
| - <i>Don Quijote de la Mancha</i> | 86 |
| - <i>Fomo ver unha fábrica de queixo</i> | 92 |
| - <i>Aprendendo a facer nós mariñeiros</i> | 94 |
| - <i>Inventando historias...</i> | 95 |
| - <i>5º e 6º fomos a Vigo</i> | 96 |
| - <i>1º e 2º tamén foron a Arquesán</i> | 98 |
| - <i>Maio, 17: Día das Letras Galegas</i> | 100 |
| - <i>O rato Paco xa vive nas aulas</i> | 104 |
| - <i>Preparados para as emerxencias</i> | 106 |
| - <i>Fixemos "acrosport"</i> | 108 |
| - <i>"Almorzo de traballo"</i> | 109 |
| - <i>O traballo das mariscadoras</i> | 110 |
| - <i>Viaxe a Pontevedra</i> | 111 |
| - <i>Concerto didáctico</i> | 112 |
| - <i>Debuxando como Miró</i> | 113 |
| - <i>Primeiros auxilios</i> | 114 |
| - <i>Día do medio Ambiente</i> | 116 |
| - <i>Tamén a A.N.P.A. traballou moito</i> | 118 |
| - <i>No teu tempo de lecer, busca un rato para ler</i> | 120 |
| - <i>Comeza unha nova andaina</i> | 122 |
| - <i>Profesorado 04-05</i> | 123 |



LIMIAR

A VIAXE DO SABER

*Xa rematamo-lo curso
e chegan as vacacións.
Gardaremo-las mochilas,
e a disfrutar un montón.*

*Comezamos en setembro
a facer esta viaxe.
Agora que chega xuño,
ollamo-la equipaxe.*

*O Samaín, o Magosto
o Nadal, o Entroido.
Guiados polos nosos profes
enterámonos de todo.*

*Fomos "ó fondo do mar",
da man dunha serea,
que nos amosou os libros
que falan de contos e lendas.*

*¿Viche-lo cacho de mar
no recuncho da entrada?
Xoga o camarón Simeón
cunha lorcha despistada.*

*Vivimos con D. Quixote,
e Sancho Panza, o seu amigo,
co cabalo Rocinante...
a aventura dos muíños.*

*Co parruliño feo,
coa ousada Polgariña,
coa vendedora de mixtos...
¡Cantas aventuras vivimos!*

*O museo do Cole
é realidade virtual:
Goya, Velázquez, O Greco...
estamos a inaugurar.*

*O rato Paco nos guía
polo mundo de internet,
para atopar deseguida
o que queremos saber.*

*A facer en Touro os queixos,
aprenderon os pequenos.
Debérono pasar pipa.
¡Xa che queren ser granxeiros!*

*Terceiro e cuarto a Pontevedra,
quinto e sexto a Vigo.
¡Que de cousas ollaron
en directo e en vivo!*

*De todo isto o melloriño
é tentar ser cada día
máis respectuoso coa xente,
mellor compañeiro e amigo.*

*Da man da revista Tixosa
lembrarás esta viaxe
que comezou en setembro,
máis lixeira de equipaxe.*

O PROFESORADO





NOVOS-AS COMPAÑEIROS-AS DE VIAXE



ALEXIS, XURXO, SARA, YANIRA, PAULA, ELENA, ENRIQUE, JULIO, MARTINA, MANUEL, CARLOS, PATRICIA, IRIA, MANUEL, GEMA, ALEJANDRO, SERGIO, GEMA, ATHAIS.





A TIXOSA

A TIXOSA é o nome dunha rocha que está no porto de Palmeira e que da nome a nosa revista porque así o decidiron os alumnos e alumnas do Ciclo Superior de E.X.B. do Colexio, aló polo curso 92-93, cando saiu o primeiro número da nosa revista.





HOMENAXE A MANUEL MARÍA

Manuel María
Fernández Teixeira


Este poeta galego chamado Manuel María, naceu o 6 de outubro de 1930. Estudou bacharelato en Lugo, onde comezou a súa carreira literaria. No ano 58 trasladouse a Monforte e traballou como procurador, e ano seguinte casa. Nos anos sesenta e setenta participa na política. Foi elixido concelleiro nacionalista no 1979. Seis anos máis tarde abandona a política e dedícase só a actividade literaria. Manuel María era autor de 47 poemas. A súa obra completa foi publicada recentemente. En febreira do 2.003 nomeárono membro numerario da Real Academia. Manuel María Fernández Teixeira morreu o día 8 de setembro do 2.004 na Coruña, cando tiña 74 anos.

Oscar Franco
ÓSCAR - 6º A

6

O GALO

Eu teño un galo galeiro,
boa crista e bon esporón.
¡O meu galo é fachendoso,
arriscado e pelexón...!
Eu teño un galo galeiro,
que ten a crista encarnada,
polainas con media branca
e peituga colorada.
Eu teño un galo galeiro,
fanfarrón e presumido.
¡Anda con paso seguro
e co corpo moi erguido!
Eu teño un galo galeiro,
que ten prumaxe marelo.
¡O seu porte de señor
ó mesmo sol pon recelo!
Eu teño un galo galeiro
que me desperta ó mencer.
¡Cando canta, no poleiro,
téñenlle que obedecer...!



A LÚA

JESÚS, VIRGINIA - 6º A

Nunha noite está soa

Si tuvieran un home

A señora Lúa
aínda está solteira.
¡A Lúa lueira,
a señora Lúa:
¡ten gana de troula
e quer ir de rúa!
¡E quer ir de rúa
de troula ir quería,
que sinte morriña
e melancolía!



O CARRO



ÓSCAR - 6º A


Non canta na Cha ninguén.
 Por eso o meu carro canta.
 Canta o seu eixo tan ben
 que a señardade me espanta.
 Non hai carro tan fermoso:
 fino como un asubío.
 Anque é, ás veces, saudoso,
 faise no aire rechouchío.
 O meu carro é cerna dura;
 sábese carballo e freixo.
 ¡Que fermosura a súa feitura!
 ¡Que lixeireza a do eixo!
 As cousas vanse aledando
 por onde o meu carro pasa.
 ¡Carrétame herba pró gando!
 ¡Tráime a colleita pra casa!

O CUCO

O cuco, cuco, cuqueiro.
 O cuco, cuco, cucón.
 ¡Madrugón e cantareiro!
 ¡Cantareiro e madrugón!
 Oise pola carballeira
 o vello cuco souril
 ó nacer a primavera
 entre o marzo i o abril.
 ¡O vello cuco, cucóu
 e moito máis cucará!
 ¡O cuco non me capou
 e nunca me capará!
 Polas mañás ben cediño
 o cuco canta: "cu-cú..."
 ¡Como o teño por veciño
 trato o cuco de tu!



RAPAZAS



As rapaciñas da chaira
 son caladas e lanzales.
 Os ollos cor abelaira,
 corpo de bimbios bimbiales.
 Teñen gracia e sinxeleza
 i unha sutil fermosura.
 A chaira deulles beleza.
 A sociedade fondura...
 Son mozas de moi bon ver
 coa humildade da carpaza.
 ¡O que percure muller
 busque na chaira rapaza!



PROXECTOS PARA ESTE CURSO

Para este curso, os proxectos de tódolos Equipos de Traballo do Centro: Biblioteca, Medio Ambiente, Normalización Lingüística e Novas Tecnoloxías, terán como tema común O MAR. Cada Equipo fará unha proposta de actividades dende os diferentes puntos de vista: literario, medioambiental, lingüístico...



EQUIPO DE BIBLIOTECA

O Equipo de Biblioteca organiza para este curso unha Campaña de Lectura chamada:

NO FONDO DO MAR... HAI MOITO QUE LER

Esta Campaña ten como principais obxectivos:

- Dar a coñecer ós nenos e nenas libros relacionados co mar, tanto na Literatura Infantil e Xuvenil, coma outros libros de consulta, guías de clasificación ...
- Conquerir que a Biblioteca sexa utilizada coma un lugar onde podemos atopar a información que precisemos á hora de investigar sobre un tema.
- Facilitar o acceso á información mediante soportes distintos dos libros.
- Coñecer e valorar, mediante os traballos propostos, a importancia do mar na nosa vida.

Para acadar estes obxectivos, o profesorado integrante do equipo fixo unha proposta de actividades a partires duna exposición de libros:

- Libros de literatura infantil e xuvenil ó redor do mar.
 - Libros de consulta sobre fauna, flora, traballos no mar, guías...
- Haberá ademais, outras actividades: visitas de autores, concursos, ciclo de cine, contacontos, festa final de Campaña...

8



A BIBLIOTECA QUEDOU AFUNDIDA NO MAR




AGAPITO É UN PIRATA





Equipo de
Medio
Ambiente



EQUIPO DE MEDIO AMBIENTE

No presente curso participaremos no Proxecto Voz Natura. As actividades que imos desenvolver dentro deste Proxecto teñen como título:

NA BEIRA DO MAR... HAI MOITO QUE VER

Consiste no estudo, observación e recuperación dun espazo costeiro, cercano ó colexio, para o que realizaremos varias saídas nas que prestaremos atención a distintos aspectos como: animais que forman parte deste espazo, vexetais máis abundantes, tipo de lixo que se recolle e outras cuestións relacionadas co mar.



Os obxectivos deste proxecto son:

- *Expertar o gusto pola observación e coñecemento do medio natural máis próximo (praias).*
- *Fomentar a curiosidade ante os distintos elementos da natureza presentes no ámbito no que se desenvolven os nenos e nenas.*
- *Investigar as características dos seres vivos presentes nese entorno.*
- *Identificar especies vexetais e animais máis comúns e crear lazos afectivos con elas, logo de coñecerlas en detalle, a fin de vincularse ó seu coidado e respecto.*
- *Divulgar entre a Comunidade Educativa os coñecementos adquiridos, a fin de espallar a sensibilidade de cara coidado do seu contorno.*
- *Analizar como influen no medio natural os nosos costumes coa fin de poder mellorar aqueles que inciden negativamente, tratando de fomentar o respecto polo lugar onde vivimos.*

9

Doutra banda, e continuando con proxectos anteriores, seguiremos traballando para conquistar estes outros obxectivos:

- *Espertar, e consolidar no seu caso, a necesidade de aproveitar os recursos (auga, electricidade, papel, materiais de traballo ...) facendo un uso racional dos mesmos.*
- *Educar na cultura da reutilización e a reciclaxe. Continuaremos as Campañas de recollida de papel, plástico e pilas para reciclar. Facelas extensibles ó contorno do colexio. Este curso incidiremos especialmente na recollida dos envoltorios das merendas, á hora do recreo.*
- *Lembrar a necesidade de seguir coidando o litoral, limpando a praia da Corna.*
- *Continuar co coidado do horto escolar e o patio, facendo plantacións de especies vexetais interesantes para a formación dos nenos e nenas: hortalizas, plantas aromáticas, flores...*

Con todas estas actividades, notamos un claro avance na sensibilización respecto destes temas, pero entendemos que é necesario seguir insistindo para afianzar os hábitos de consumo responsable, de respecto ó medio ambiente e de aproveitamento dos recursos.



EQUIPO DE NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA

O Equipo de Normalización Lingüística do C.E.I.P. de Palmeira leva xa moitos anos traballando en prol da lingua e cultura galega.

O obxectivo principal deste equipo é potenciar o galego como lingua de uso en toda a Comunidade Escolar. Para elo diseña estratexias que fomenten a correcta expresión oral e escrita en galego, que eliminen os prexuízos negativos que se teñan sobre a lingua .

Ó longo deste tempo recuperamos e afondamos no estudio das festas cíclicas: Samaín, Magosto, Nadal, Antroido...



10

Ademais recopilamos e demos a coñecer: adiviñas, poemas, refráns, ditos, lendas, toponimia e léxico propio da zona.

Algúns destes traballos, ós que se van engadindo os que vamos realizando cada curso, están expostos no RECUNCHO DA LINGUA que é un espacio virtual que está na páxina web do Centro.

http://centros.edu.xunta.es/ceipdepalmeira/norma_recunchos.htm

Normalización
Lingüística CEIP de Palmeira



Tamén este ano celebraremos: O Samaín, O Magosto, O Nadal, O Antroido, A Semana das Letras Galegas que este ano estará adicada á figura de Xesús Lorenzo Varela Vázquez...

No presente curso, adicaremos especial atención ó tema do mar, coa recopilación de palabras, lendas, contos, ditos, refráns... e avanzaremos no estudio toponímico da zona: praias, illas, illotes..., tendo sempre este tema como referencia.



EQUIPO DE NOVAS TECNOLOXÍAS


O Centro, dentro da súa oferta educativa, mantén, dende hai xa moitos anos, unha clara liña de integración das tecnoloxías da información e a comunicación nos seus diversos proxectos e no que facer diario das aulas.

Entendemos o emprego das novas tecnoloxías como un recurso máis, entre todos os que dispón o Centro, intentando que os nosos alumnos e alumnas se formen de acordo coas novas necesidades que a sociedade demanda.

O ENTe, ademais de ter os seus propios proxectos, é un equipo de apoio ó resto dos equipos. Realízanse tarefas de dixitalización, maquetado e elaboración de carteis e folletos, búsqueda de software, pesquisas en internet, etc

As principais funcións do Equipo son:

- Mantemento e mellora da páxina web do Centro.
- Dixitalización do material e maquetación desta revista do Centro: "Tixosa".
- Replantexamento da aula de informática e o seu mantemento.
- Mantemento e asesoramento en todo o referente ás novas tecnoloxías a toda a Comunidade Educativa.
- Creación, mantemento e aproveitamento da Intranet Educativa do Centro.



11

Aparte das tarefas sinaladas, neste curso pretendemos desenvolver os seguintes proxectos:

- Creación e mantemento do Servidor da Intranet Educativa.
- Elaboración de actividades «on-line» para as diversas áreas do currículo.
- Contacto e colaboración con outros centros.
- Convivencia de «Aula de informática» - «Informática na aula».

Neste curso, puxemos en marcha, dentro da páxina web, un RECUNCHO DA HISTORIA, no que se irán recollendo traballos realizados polo alumnado do Centro.



<http://centros.edu.xunta.es/ceipdepalmeira/especial/mulleres/mulleres.htm>



<http://centros.edu.xunta.es/ceipdepalmeira/especial/historia/historia.htm>

Tamén estamos a poñer na páxina web, contos para escoitar, con ilustracións feitas polo alumnado do centro. <http://centros.edu.xunta.es/ceipdepalmeira/contos.htm>





XA ESTAMOS NO OUTONO

CANDO CHEGA O OUTONO
AS ARBORES LOCEN CORES
CASTAÑAS, VERMELLAS E
AMARELAS.

MOITAS FOLLAS CAEN O CHAN.

OS REFACHOS DE VENTO LÉVANAS
DUN LADO PARA OUTRO.

O VENTO TRAE UN AROMA A

TERRA HUMIDA.


PRONTO HA CHEGAR
O FRIO.

NENAS E NENOS DE 5 ANOS

12

ANDREA F. - 5 ANOS





ANDREA R. - 5 ANOS



IRENE - 5 ANOS



Equipo de
Medio
Ambiente

COIDAMOS O MEDIO AMBIENTE

CAMPAÑA DE RECOLLIDA DE PLÁSTICO

Para animar ó alumnado a meter nos contedores amarelos que hai na saída ó patio, os envoltorios de plástico dos alimentos que traen para tomar á hora do recreo, o Equipo convocou un concurso de debuxo e lema. Cada neno-a presentou un traballo. Foi difícil escoller un porque había moitos moi bos. Co traballo gañador fíxose un cartel e con tódolos traballos fixemos unha exposición.



14






A CHEGADA Ó NOVO MUNDO

O alumnado de 6º fixo un traballo de investigación sobre a conquista de América. Este é o resultado:

1.- Este é o camiño que fixo Colón.

2.- Estiveron perdidos no mar dende o 3-8-1492 ata o 12-10-1492.




3.- Colón chega a Cuba e observa todo.

4.- Aquí Colón esta descubriendo América

5.- Colón marcha de América con dirección a España.

6.- Colón cando chegue a España, pensa contar todo o que viu.



7.- Co mal temporal o barco rompeulle, pero puideron chegar ata España.

8.- Colón, como pensou, contoulle ó pobo a súa Gran Aventura.

SARA,
TERESA,
JOSÉ MANUEL,
- 6º A



O NOVO MUNDO



Colón ensinoulles a súa idea ós Reis Católicos. Os reis aceptaron a súa idea.



Coñeceron ós indios americanos. Só querían ouro e Cando chegaron contaron botáronnos. a súa historia.

16

CARLA, ALEXANDRA, AGUSTÍN, ISABEL, JOSÉ RAMÓN - 6º A

CONQUISTA DO IMPERIO AZTECA



JOSÉ RAMÓN, JESÚS, ÓSCAR - 6º A



VIDA E COSTUMES DOS AZTECAS

| | | |
|---|--|---|
| | | |
| <p>AS PAREDES DAS CASAS PARTICULARES ESTABAN PINTADAS DE CORES ALEGRES.</p> | <p>A AGRICULTURA FOI A BASE DA ECONOMIA AZTECA.</p> | <p>CONSTRUIRAM NOTAVES CAILES DE REGO, POR DESCONHECER O ARADO EMPREGABAN PARA CULTIVAR A TERRA O COALT-</p> |
| | | |
| <p>O COALT ERA UM PAU AGUZADO E RESISTENTE OLUME.</p> | <p>CULTIVAVAM PRINCIPALMENTE O MILHO E TAMEM O ALGODAO E O CHOCOLATE. CAZAVAM PARRULOS, LEGRAS, COELLAS, PERDICES E FAISANS.</p> | <p>TIVAM TRES TIPOS DE PEITE OS GUERREROS UNHA COLTA ALTA, AS SOLTEIRAS UNHA CINTA NA CABEZA E AS CASADAS LEVAVAM PINZAS NA CABEZA.</p> |
| | | |
| <p>DESCOLOCAVAM O PESO E A MOEDA. ELES UTILIZAVAM O CACAO COMO MOEDA.</p> | <p>CANDO FREGIAM OS SEIXOS E OS NOBRES QUERVAVAM OS CADAVERES.</p> | <p>NAS ESCOLAS HABIA UMA COMPLETA SEPARACAO DE SEXOS. NAS ESCOLAS APRENDIAM RELIGIAO, ASTRONOMIA, HISTORIA E IDIOMAS ESTRANJEIROS.</p> |



FUNDACIÓN DE TENOCHITLÁN



1.- O pobo quedou sen alimento. E pasan de ser nómadas a sedentarios.



2.- Os aztecas fóronlle pedir terras ó rei e despois de insistir varios días deulles unha terra plagada de serpes para que morreran.




3.- Os aztecas foron ó pobo e como tiñan moita fame comeron as serpes. Para eles eran un manxar.



4.- Quixéronllo agradecer e mataron á filla do rei para convertela en deusa.

18



5.- Ó rei non lle gustou a idea e mandou tropas contras os aztecas. Eles escaparon. A súa lenda contaba: onde vexades unha aguia comendo unha serpe, alí fundaredes Tenochitlán.




6.- Atoparon no lago Tescoco, unha aguia comendo unha serpe. Puxeron unhas plataformas e alí fundaron a cidade de Tenochitlán.



PERSONAXES


ALONSO DE OJEDA



SARA - 6º A

VASCO NÚÑEZ DE BALBOA

Naceu en 1475.
 Viaxou a América coa expedición de Rodrigo de Bastidas en 1501.
 Participou na fundación da Santa María a Antiga.
 Colonizou o istmo de Panamá e descubriu o Pacífico en 1513.
 Morreu en 1519.



JOSÉ RAMÓN - 6º A

ELCANO

Juan Sebastián Elcano encarna de maneira perfecta o prototipo de aventureiro e explorador que durante o século XVI protagonizou o descubrimento de terras e rutas descoñecidas. Fixo moitas outras viaxes por mar e incluso bélicas.

Uníuse a unha expedición dirixida por Fernando de Magallanes que terminaría por converterse nun dos maiores descubrimentos do período, ó demostrarse que a Terra era redonda.



ÓSCAR - 6º A

19

MAGALLANES

(Oporto, 1480 - Mactán, Filipinas, 1521). Navegante portugués.

Ó servizo de España, Fernando de Magallanes emprendeu a primeira volta ó mundo, que se viu truncada nas illas Filipinas, que descubriu e morreu.


É portugués de nacemento. Cando chegou a España en 1519, xa participara en expedicións para o reino lusitano.

En 1505 embarcou á India. En 1509 partiu a Malaca, e posteriormente, participou no descubrimento das Molucas.

Cando saíron o 1 de Novembro, xa no Pacífico, descubriu as illas de San Pablo, Dos Tiburóns e Dos Ladróns.

En Cebú enfrentouse ás tropas indíxenas, onde se feriu e faleceu atravesado por unha lanza.

IVÁN - 6º B



DÍAZ DE SOLÍS

TERESA - 6º A



Para saber máis, consulta a páxina web:
<http://centros.edu.xunta.es/ceipdepalmeira/especial/america/america.htm>



¡E XA CHEGA O SAMAÍN!

O MÀXICO PEIXE DA SABEDORÍA



Hai moitos anos nunha pequena casa de pedra, en Irlanda vivía un poeta, que daba clases ós rapaces guerreiros, porque non había escolas. No río Boyne hai un precioso salmón dourado, que toda persoa que o comera, sería a máis sabia de Irlanda. Finegas quería collelo pero nunca fora capaz. Un día estaba con Finn ensinándolle unha poesía á beira do río Boyne, e Finegas viu que algo se movía. Era o salmón. Saiu correndo a coller unha rede grande e forte, e Finn non se enterou de nada porque estaba de costas ó río e Finegas sabía que se lle mirabas ós ollos caías nun sono profundo e disto Finn non tiña coñecemento.

Cando chegou para collelo, botou a rede e o peixe moveuse dando voltas e quedou ollando a Finegas, e quedou a durmir. Finn espertouno. Como o salmón estaba parado pediúlle un anaco de tea para tapa-los ollos. Despois de moitas horas de loita colleuno, e como estaba moi canso díxolle a Finn se llo cocinaba, pero insisteulle en que non o comera. Mentres o preparaba saltoulle ó dedo unha gota de aceite. Cando lle levou o peixe, viu que Finn tiña os ollos moi brillantes e díxolle:

- ¿Comeches algo do peixe?

- Non, non - díxolle. Pero despois douse conta de que metera o dedo co aceite na boca, para aliviar-la dor.

Finegas comentoulle que aínda que fora él máis sabio que non lle importaba xa que eran amigos.

AS CABAZAS

20

Gústanme as cabazas.

Son grandes ou pequenas cabezas
de cores verdes, amarelas e laranxas,
con formas redondas, ovaladas e aplastadas.

Nas hortas podemos atopalas,
ou nas tendas mercalas.

A algúns gústalles comelas
e a outros gústalles pintalas.

Con diferentes caras,
no Samaín podedes velas,
todas ben preparadiñas,
e encendiñas con velas.



ÓSCAR - 6º A

O SAMAIN



31 de outubro,
o día fatal,
os espíritos malignos
véñennos atacar.
Pero aínda que teñas medo
non te debes preocupar.
Non son meigas nin pantasmas,
só son nenos a xogar.
31 de outubro,
o día fatal,
nenos e maiores
vanno disfrutar.

JESÚS - 6º A



¡QUE VIVA A IMAXINACIÓN!

Algo está a pasar en Usos Múltiples ...

Equipe de Normalización Lingüística
CEIP de Palmeira - 2004

SAMAÍN 2004





FOMOS Ó TEATRO

O xoves, 4 de novembro, os nenos e nenas de 3º, 4º, 5º e 6º, acompañados polos seus profes, foron o Salón Teatro de Santiago a ver unha obra que se chama "As laranxas máis laranxas de tódalas laranxas". O autor desta obra é Carlos Casares.

O AUTOR E A SÚA OBRA

Carlos Casares naceu en Xinzo de Limia en 1941. Escribiu tanto en lingua galega como castelá. Estudou Filosofía e Letras na Univesidade de Santiago de Compostela.

Desenvolveu unha actividade cultural e profesional como escritor, editor, catedrático, membro da Academia Galega da Lingua.

Deuse a coñecer en 1967.

Publicou varias novelas e contos infantís:

- Cambio en tres (1969)
- Os escuros soños de Clio (1979)
- Os mortos daquel verán (1987)
- Deus sentado nun sillón azul (1996)
- A galiña azul (1968)
- **As laranxas máis laranxas ... (1973)**
- Lola anda en bicicleta (1997)


Morreu no ano 2002.




VIRGINA - 6º B

CELIA - 6º B

22



MELISA - 4º B



Diñás, JOSÉ RAMÓN - 6º A

Veciño da Lirupola:

Toneladitas:

Anxa:

catada:

Veciña Sabrinda:

Figueira Domínguez 6º A



MAITE - 4º B



DE EXCURSIÓN A SANTIAGO

Onte, xoves 4 de novembro, fomos de excursión a Santiago cos de 4º, 5º e 6º. Cando chegamos ó colexio veu a profe Elvira e díxonos que Concha estaba enferma e non podía vir; entón íamos ir coa profe Carmela. Baixamos para montar no autobús.

Desde que entramos no autobús ata que chegamos a Santiago fomos xogando, cantando e contando chistes. Andrés aínda agora debe de seguir rindo. Tardamos unha hora e trinta e un minutos en chegar a Santiago.

O primeiro que fixemos alí foi ir ó lavabo porque algunha xente quería facer pis. Despois fomos dar unha volta moi longa por Santiago e vimos a catedral. ¡Era moi grande! Seguimos andando e en moitas rúas vendían cousas para pelegrins. Anxo meteunos por un camiño moi estreito para chegar antes ó *Salón Teatro*, que era onde se facía a obra que íamos ver.

Chegamos ó teatro. Pasamos dentro e sentámonos nos asentos segundos de diante; as butacas do teatro eran ananas. Había un altavoz a cada lado do escenario, e cando ía empezar a obra escoitamos a unha muller dicindo que por favor apagáramos os teléfonos móbiles e que desconectáramos as alarmas dos reloxos. Cando terminou de falar apagáronse as luces.

A obra de teatro titulábase: *As laranxas máis laranxas de tódalas laranxas* e era divertidísima. O primeiro en saír foi Elías facendo o tonto. Despois saíu unha moza chamada Anxa e o veciño da escopeta, que sempre estaba moi nervioso e que andaba cun gorro de pixama. Cando estaban os tres explotou unha laranxa que estaba colgada do teito, e caeron papeis lilas.

Cando a obra estaba a metade nun momento pareceu que estabamos nunha discoteca porque había unhas luces guais e todo era a cámara lenta.

Tamén saíron ó escenario o veciño gordo, a quen chamaban *Toneladitas*, a veciña desdentada e a veciña sabida, que empurraron sen querer a Elías. Elías caeu nunha poza de auga e salpicou a algúns que estaban na fila de diante.

Ó final da obra cantaron unha canción e tocaron uns instrumentos. O veciño da escopeta tocaba co cu mirando para o público.

Cando saímos déronnos unha bolsa e dentro había uns regalos.

No teatro había uns homes que nos grabaron para a televisión e entrevistaron a Mariana e Virxinia, e tamén ó profe Anxo. Creo que imos saír no *Telexornal*.

Cando saímos fomos dar un paseo e os profes nos fixeron unha foto nunhas gradas que había por alí. Despois montamos nos autobuses e viñemos xogando coas cousas que nos regalaron, pero case todos quedaron durmidos.


Cando chegamos a Palmeira estábannos esperando a nosos pais.

Foi moi, pero que moi guai a excursión.





AS LARANXAS MÁIS LARANXAS...



A un limoeiro saíronlle cinco laranxas,



A Elias saíronlle ver laranxas nun limoeiro.



Quiso tocar unha e estourou.



Despois vinéron todo.







Contoulle unha historia a un ovo.





DE TÓDALAS LARANXAS





CHEGA O MAGOSTO... E CHEGA TÍA PEPA



A CASTAÑEIRA



26

**Nun recuncho da praza
a castañeira chama:
- ¡Vinde aquí, meus meniños,
mercar castañas asadas!
É unha velliña guapa
coa pel algo enrugada,
uns olliños moi ledos
e un sorriso que me encanta.
Leva pano na cabeza,
tamén ten unha bufanda,
unhas luvas moi roídas
e unhas rusas de cadros.
Sentada nunha banquetta
ó lado do carromato,
quenta as mans pouco a pouco
achegándoas ás brasas.
Metidas nun cucurucho,
vende que vende castañas.
-¡Vinte pesos, rapaciño!
Cómeas moi de contado.**

SUSANA



NENAS E NENOS DE 6º



À CASTAÑA MAIOLA

**Nunha mesa dunha casa
as castañas repousaban
mirando unhas para outras
a ver quen era a máis guapa.**

**Moi sinxela a cocida,
máis ufanas as asadas,
separábase orgullosa
a maiola xa secada.**

**Aquela castaña maiola
quería bailar ela soa.**

**Non lle gustaba saltar
nin coas amigas xogar.**

**Lacazana e fachendosa
ante os outros presumía
que era bocado moi fino.**

**-¡Vendenme nas docerías!
Despreciaba sen razón
ás asadas e cocidas.**

**-¿Que sabedes vós? - dicía.
Eu valo máis ca vós.**

**Pero un día, sen querer
á cociña, nun instante
chegou unha dama moi fina
vestida de papel brillante.**

**-¿Quen é?, ¿quen é?
Devecían por falarlle.**

**-Debe ser moi importante,
pois ata fala francés.**

**-¿Quen son?, ¿quen son?
E logo, ¿non me coñeces?
Vexo que pouco sabedes.
Eu son o "Marron glacé".**


**- Coma vós, nacin castaña,
primeiro fun eu cocida
logo a pel me sacaron
e de chocolate fun vestida.**

**¡Vaites! Daquela somos iguais -
pensou en alto a cocida.**

**¿Que máis da o que te fagan,
se logo vas á barriga?**

**- ¡No mundo das castañas
coma no dos humanos,
todiños somos irmáns!
berrou con forza a maiola.**

**- Xoguemos xa xuntas,
que así aprenderemos
nós de ti e ti de nós
e mellor o pasaremos.**





DITOS, CANTIGAS, ADIVIÑAS...





HISTORIAS DE CASTAÑAS E DE CASTIÑEIROS

HISTORIA DUN CASTIÑEIRO

Hai moito tempo vivía un castiñeiro vello con poucos amigos. O castiñeiro chamábase Lume. Lume vivía nun souto abandonado que era dunha castañeira que tódolos outonos iba polas súas castañas.

Pasaban os anos e as únicas amigas eran as castañas e os ourizos. Ata que un día, Lume recibiu unha agradable sorpresa. ¡Eran uns nenos que ían pasa-lo magosto! Despois de asar e de comer as castañas xogaron ós xogos típicos. Cando Carmela xogaba á corda sen querer deulle a Lume.

- ¡Au! Fixéchesme dano - dixo Lume.
- Sinto. Non era a miña... ¡Un momento! ¡Estou falando cun castiñeiro!
- Non pode ser - decía David.
- Tranquilos. Eu son inofensivo. Só quero ter con quen xogar e falar - dixo Lume.
- Moi ben. A partires de agora viremos a pasar o rato - dixo María.
- Pero temos que gardar o segredo - dixo Ana.
- Faremos un club e chamarémonos "As castañas" - dixo Daniel.
- Viremos os luns e os sábados - dixo Pablo.
- Si. E só podemos vir nós - dixeron todos.



BELÉN - 4º A

A CASTAÑEIRA E A CASTAÑA

Había unha vez unha castañeira que estaba recollendo castañas para asar. Había unha castaña que estaba moi alta e non lle chegaba; intentouno cunha grúa e non o conseguiu, intentouno cun camión pero non o conseguiu, despois cunha escada e nada. Chegou Neve Branca, subiu á árbore e colleu a dichosa castaña. A castañeira púxose tan contenta que lle deu as gracias cun gran abrazo.

29

MARINA - 4º A

A CASTAÑA BAILARINA

Esta era unha castaña chamada Ana. Ana era moi intelixente pero ela un día cando aínda estaba na árbore viu que uns nenos xogaban a unha cousa que daba moitas voltas e chamábanlle peonzas. Enton ela parouse a pensar pero non sabía como inventaran iso.

Un día no que Ana iba a ballet preguntoullo á profesora, xa que ela non o sabía. A profesora díxolle que o tiña que averiguar ela mesma, igual que tódalas persoas a quen preguntou, pero ela deulle unha pista e era que as castañas tiñan algo de relación.

Ó día seguinte a profesora de ballet ensinoulle a facer piruetas para que Ana averiguase a súa pregunta. Enton, mentres Ana facía as piruetas e mirábase ó espello e vía que



as súas piruetas e as das peonzas eran case idénticas, de aí sacou o resultado da súa pregunta.

E agora ti xa sabes que tódalas túas preguntas, averiguándoas, teñen a súa resposta.

SARA - 6º A



MANUALIDADES CON FROITOS DE OUTONO

Entre as actividades organizadas con motivo do Magosto, O Equipo de Normalización Lingüística do Centro propuxo ó alumnado, en colaboración coas familias, dado o éxito da actividade o pasado curso, a realización de manualidades con froitos do outono. Cos traballos realizados, fixemos unha exposición.



30



 **FROITOS DO OUTONO**
EXPOSICIÓN 16 NOVEMBRO
VISITAS: DE 9 A 9:30 DA MAÑÁN E DAS 17 ÁS 19 H. DA TARDE




E Ó FINAL, POR SUPOSTO, A GRAN FESTA DO MAGOSTO

Onte celebramos o magosto. A primeira hora fixemos poesías, o pin e plantamos castañas, noces, abelás... Despois do recreo comemos castañas e bebimos auga, cocacola, fanta... Cando terminamos de comer e beber tiramos as cousas á papeleira e xogamos á corda e outros xogaban a: corda, a peonza, as canicas e a goma...

Despois subimos ás clases e a profesora ensinounos unha canción e polo camiño para casa cantando. Paseino moi ben.

LORENA - 4º B



ANDRÉS - 4º A





Equipo de
Medio
Ambiente



SAÍDA Á PRAIA DA CORNA



CARTA DE SIMEÓN ÓS NENOS E NENAS DE PALMEIRA



Durante o primeiro trimestre do curso, chegou ó colexio unha carta do Príncipe Simeón, fillo do Rei dos camaróns, convidando a todas as nenas e nenos do cole a visitar os seus dominios. Tódo o alumnado do cole, por turnos, foi visitar a Simeon na praia da Corna. Foron recibidos por lapas, polbos, pulgas mariñas, peixes, algas, cunchas e demais seres vivos da beiramar. Puideron observar os animais e vexetais máis abundantes nese ecosistema e recolleron o lixo que había na praia para deixar o reino de Simeón coa súa beleza natural.

32



SIMEÓN

Príncipe da Corna

O Príncipe Simeón, fillo do Rei dos camaróns, ten o pracer de convidarvos a que visitedes os seus dominios. Seredes recibidos por tódolos habitantes do reino mariño: Lapas, polbos, pulgas mariñas, peixes, algas, cunchas,.....

¡Os meus dominios foron invadidos por plásticos, cor das, botellas e lixo de todo tipo, o que fai que o meu reino non teña a beleza da que disfrutábamos antes!

Espero que veñades pronto e me axudedes a solucionar o problema.

Asinado:

Simeón, Príncipe da Corna

O martes, día 23 fomos á praia a limpar porque estaba chea de lixo. Encontramos: madeira, plástico, redes, velas... Tamén recollimos cunchas para facer unha especie de mural. Xogamos a facer muralla e a tirar pedras. Pero non me gustou nada que tiraran lixo á praia. Agora da igual porque está limpa.

ELISA - 4º B



IVÁN - 5 ANOS

O MARTES FOMOS A PRAIA DA CORNA COS NENOS E NENAS DE 5º E COS PROFES REMEDIOS, MIGUEL, MARÍA, MARGARITA E CARMELA.

RECOLLEMOS CUNCHAS, TESOUROS E UNHA PEDRA CON FORMA DE CORAZÓN. OS MAIORES RECOLLERON LIXO.

DESPOIS MIRAMOS Ó MAR: É AZUL, ENORME, TEN ROCHAS, AREA, ALGAS, DIAMANTES E COFRES NO FONDO.

ANTES DE VOLVER CORREMOS E TIRÁMONOS A ROLOS NA AREA.

CANDO CHEGAMOS Ó COLE ESTÁBAMOS CHEOS DE AREA, CANSOS E QUERÍAMOS BEBER E COMER.

PASÁMOLO MOI BEN.

NENAS E NENOS DE 5 ANOS



A VIDA DAS BALEAS

Os nenos e nenas de 4º viron unha película sobre a vida das baleas.



33





NO FONDO DO MAR...




HAI MOITO QUE LER

MENSAXES CON BANDEIRAS



34






TRABALLANDO NA BIBLIOTECA

Fixemos ilustracións a partires dun texto de Gloria Fuertes.

CÓMO SE DIBUJA UN BUZO

Para dibujar un buzo...
se hace un muñeco vestido
que resulta divertido.
Espaldas anchas de atleta
y en vez de botas, aletas.
Por el traje, que es de goma
solo la cabeza asoma:
No es pescador, no es marino
no tiene caña ni barca.
¡Es cazador submarino!
Gafas grandes de cristal
y el tubo para respirar;
burbujea burbujeante
bajo el agua tan campante.

Avanza bajo la ola,
en la mano la pistola.
Ve jardines en el fondo
y corales en lo hondo,
ve perlas y calamares
en el fondo de los mares.
Al buzo, como otras veces,
le rodean muchos peces.
Son de colores brillantes
y de formas elegantes.
¡Unha raya como un rayo
pasó veloz a su lado!
Como era buzo poeta,
no disparó la escopeta.





UN ACUARIO NA AULA DE 2º

Na nosa clase hai un acuario. Nel viven catro peixes, dous chámanse “subunquis” e outros dous “cometas”. Os subunquis son brancos con manchas de cores, os cometas son de cor vermella alaranxada.

Cada día dálles de comer un neno da clase unha comida especial para peixes.

No acuario póñense plantas artificiais, pedriñas e area para imitar o fondo do mar. O acuario é de cristal e cambiaselle a auga cando se necesita, porque os peixes, coma tódolos seres vivos, necesitan coidados, respecto e cariño.

ISABEL – 2º



36

MARÍA – 2º





LIFE IN THE DEEP BLUE SEA

BARNACLE

I am a barnacle.

Yo soy un percebe.

My scientific name is Pollicipes Cornucopia.

Mi nombre científico es Pollicipes Cornucopia.

My body is a fleshy stalk which is attached to a rock at its base. The rest is inside a kind of nail.

Mi cuerpo es un tallo carnoso que está unido a la roca por su base. El resto está dentro de una especie de uña. Barnacles live forming huge colonies, in places where the waves break hard.

Los percebes viven formando grandes colonias en lugares donde las olas rompen fuerte.



SPIDER CRAB

I am a spider crab. My scientific name is "Maja Squinado".

Yo soy una centolla. Mi nombre científico es "Maja Squinado".

My body is heart-shaped, and a bulging, spiky shell covers it.

Mi cuerpo tiene forma de corazón, y una concha abultada cubierta de púas lo cubre.

I have ten articulated legs, very long and hard.

Yo tengo diez patas articuladas muy largas y duras.

My first pair of legs end in two claws.

Mi primer par de patas termina en dos pinzas.



37


SEA URCHIN

I am a sea urchin. I have a globular body, a bit flatter at its base.

Yo soy un erizo de mar. Yo tengo un cuerpo redondo, pero un poco plano en su base.

I have a hard shell covered with sharp spines, which I use to defend myself and move very slowly.

Yo tengo una concha dura cubierta de afilados pinchos que uso para defenderme y moverme muy lentamente.



OCTOPUS

I am an octopus. My scientific name is Octopus Vulgaris.

Yo soy un pulpo. Mi nombre científico es Octopus Vulgaris.

My body is soft and I have a very big head, with eight sucker-bearing arms. I live in the sea, in rocky or sandy sea bottoms, near the shore.

Mi cuerpo es blando y tengo una cabeza grande con ocho brazos con ventosas. Yo vivo en el mar, en fondos marinos rocosos o arenosos, cerca de la costa.

I hide in natural shelters such as caves or crevices. I go out very little. I watch everything that happens around me, as I am very curious.

Me escondo en escondrijos naturales, así como cuevas o grietas. Salgo muy poco y observo todo lo que sucede a mi alrededor porque soy muy curioso.




ALUMNADO DE 6º



6 DE DECEMBRO: DÍA DA CONSTITUCIÓN



**A Constitución Española aprobouse o 6 de decembro de 1978.
Cumpre este ano 26 anos.**



38



**TODOS TEÑEN DEREITO
Á VIDA E Á
INTEGRIDADE FÍSICA E
MORAL.**

**DEREITO Á HONRA, Á
INTIMIDADE PERSOAL E FA-
MILIAR E Á PROPIA IMAXE.**





**DEREITO A ELEXIR LIBRE-
MENTE A RESIDENCIA E A
CIRCULAR LIBREMENTE
POLO TERRITORIO NACIO-
NAL**

**OS ESPAÑOS SON
IGUAIS ANTE A LEY.**



**LIBERDADE IDEOLÓXICA,
RELIXIOSA E DE CULTO.**

Os nenos e nenas de 4º participaron nas actividades organizadas polo Concello. Houbo teatro, soltaron globos e tomaron chocolate.





NADAL NATURAL



Neste nadal
respecta o natural



- Podemos mercar árbores artificiais ou naturais e, neste caso, replantalas logo na horta, no xardín ou no monte.
- Respeitar as especies protexidas: acivro, xilbardeira, carriza ("musgo").
- Consumir con responsabilidade a enerxía eléctrica.

O Equipo de Medio Ambiente elaborou un folleto cunhas pequenas normas que podemos ter en conta no Nadal para coidar a Natureza.

40

CANTAMOS PANXOLIÑAS





O Equipo de Normalización Lingüística organizou un concurso de debuxo e texto para imprimir a tarxeta de nadal que se enviou á Comunidade Educativa.

Polos outros nenos pide no nadal un regalo menos, e dille ós teus pais que axuden ós demais.

Sonia González - 6ºA

CEIP DE PALMEIRA
Nadal 2004

Aitana García - 5 anos




DESASTRE NO OCÉANO ÍNDICO

Don Quijote era un señor muy antiguo que leía muchos libros de caballería y de tanto leer quiso hacerse caballero. Su escudero se llamaba Sancho Panza y su amada, Dulcinea del Toboso.

JOSÉ ANTONIO - 2º




FOMOS VER UNHA FÁBRICA DE QUEIXO



FÉLIX - 4 ANOS

O día 5 de maio, os nenos e nenas de Educación Infantil foron ver unha fábrica de queixo en Turces (Touro). Viñeron moi cansados, pero moi contentos porque o pasaron moi ben e aprenderon moito.





¡QUÉ CANSOS ESTABAMOS Á VOLTA!



APRENDENDO A FACER NÓS MARIÑEIRO

Os alumnos e alumnas de 5º e 6º aprenderon a facer nós mariñeiros. Para elo contamos coa desinteresada colaboración de José Mariño Santos, mariñeiro de Palmeira, que aceptou compartir con nós os seus coñecementos. Queremos enviarlle dende esta revista o noso agradecemnto.





INVENTANDO HISTORIAS...

O MISTERIO DO LADRÓN DE QUEIXO


Había unha vez un rato chamado Arni. Tódolos días ia ó traballo e, moitas veces, cando volvía para a casa tiña fame, abría a despensa e como lle faltaba queixo pensou que quizais se esquecera de compralo. Pero despois duns días comprendeu que non era por iso, senón que seguramente podería ter entrado un ladrón na súa casa. Así que quixo descubri-lo.

Ese día quedou na casa en vez de ir ó traballo. Agachouse detrás da porta da cociña para ver se alguén entraba e abría a porta da despensa. Ó cabo dun rato, un pequeno ratiño entrou na cociña, abriu a porta da despensa e antes de que collera o queixo, Arni plantouse diante del e preguntoulle que facía roubando o queixo e tamén lle preguntou polo seu nome. O ratiño díxolle que se chamaba Jacky e explicoulle que lle mataran ós seus pais e que agora estaba vivindo cun gato que era quen lle mandaba coller o queixo como fora para comer. E iso que lle estaba dicindo era verdade.

Ó oír iso, Arni pensou que non sería mala idea vivir con outro rato e díxolle a Jacky que podía vivir con el para non ter que vivir co gato malo. Jacky púxose moi contento e quedouse a vivir con Arni.

Despois duns días decidiron desfacerse do gato. Ese mesmo día pola mañá, Jacky volveu xunta o gato e contoulle que nos días que non estivera alí fora a investigar onde podería haber moita comida e díxolle que atopara un pozo que estaba cheo de comida e que se mirabas dentro saía unha enorme tarta de queixo con marmelada. O gato quería ir alí e Jacky guiouno ata o pozo. Cando chegaron apareceu Arni disfrazado dun vello adiviño con longas barbas de cor gris clariño, mentres que o gato miraba dentro do pozo para que lle saíra a enorme tarta. O que lle dixera Jacky era unha broma para desfacerse del. E como o gato o crera, o plan saíulles xenial, empurrárono para que se caera dentro e así desfixéronse do gato para sempre.

Empezaron a berrar de alegría porque estaban moi contentos de que o gato caera dentro do pozo. E desde aquel día Arni e Jacky puideron vivir en paz sen que o gato os molestara. Jacky non tivo que roubar máis queixo para comer porque agora vivía con Arni e






5º E 6º FOMOS A VIGO


O día 12 de maio fomos de excursión a Vigo 5º e 6º. Primeiro viñeron dous autobuses, un de quinto e outro de sexto. Saímos ás nove en punto. Ó chegar a Vigo fomos a Naturnova. Alí había un submarino no que entramos e víase o fondo do mar. Na primeira sala había información dos planetas. Na segunda sala había cousas feitas reciclando, a enerxía renovable, a enerxía eólica, etc. Tamén había unha sala de ruídos. Na terceira sala había moitos ordenadores e como se facía un tornado, o ciclo da auga, etc.

Despois fomos ó parque de Castrelos a comer. No parque de Castrelos había un estanque que se chamaba "o estanque da música". Mentres esperabamos ó autobús no parque unha señora veu darlles de comer ós patos. Á volta eu e máis os meus amigos cantamos unha canción titulada "A toda mecha".

SERGIO - 5º A




SARA - 6º A



Mª TERESA - 6º A




ANA MARÍA - 5º B





1º E 2º TAMÉN FORON A ARQUESÁN

UN BO DÍA NA QUEIXERÍA



Érase unha vez un grupo de nenos e nenas do colexio de Palmeira que foramos de excursión a unha queixería. No autobús puxéronnos unha película. Algúns quedámonos durmidos, outros ían mirando pola ventá toda a paisaxe.


Ao chegarmos, leváronnos a un sitio para deixar as chaquetas e as mochilas. Alí tamén nos explicaron como se elaboraba o queixo. Tamén nos deron unhas tarxetiñas para poñerllas logo ó queixo. Despois déronnos un mandil, un gorro e uns plásticos para poñer por riba dos zapatos.

Despois fomos ao sitio onde se facía o queixo. Alí había unha máquina onde se callaba o leite. A continuación ensináronnos o calcio que lle botaron ó leite e tamén lle botaron o soro. Quedamos alí a mirar un pouquiño.



Despois de ver isto aprendemos a receita para facer o queixo, que é así: **Primeiro alimentar do mellor as vacas; despois muxir o gando; a continuación callar o leite co presoiro; despois esperar a que calle o leite un bo anaco; a continuación cortar a masa en anaquiños ben pequerrechiños para que solte o soro e quede a parte sólida; e, por último, moldear o queixo cunha forma xeitosa. ¡E xa está feito o queixo! Esa é a receita.**

98



Cando acabamos fomos acabar as etiquetas e logo fomos a unha carballeira. Alí ensináronnos varios ovos de moscas dentro dos carrabouxos dos carballos, niños de peto e doutros paxaros, tobeiras de raposos, un pantano e fixéronnos un asubío cunha póla de ameneiro.



Despois fomos de volta para xantar e xogar un pouco e xa nos viñemos para o colexio. No autobús volvéronnos a poñer unha película e algúns quedaron a vela e o resto a durmir.





ELISA - 2º



MARÍA - 2º



ANABEL - 2º



LUIS - 2º





MAIO, 17: DÍA DAS LETRAS GALEGAS

Este ano, o Día das Letras Galegas estivo adicado a:

XESÚS LORENZO VARELA



Naceu en 1916 a bordo dun barco á entrada da baía da Habana. Seus pais eran orixinarios de Monterroso (Lugo). En 1920 a familia trasladouse a Bos Aires, e a finais dese ano regresaron a Galicia, instalándose en Lugo. Nun acto do Partido Galeguista celebrado nesa cidade en 1932 coñeceu a Castelao e Suárez Picallo. Ao seu abeiro ingresou nas fileiras do nacionalismo.

En 1935 Varela marcha a Madrid, onde se incorpora ás Misións Pedagóxicas e ao equipo de redacción de "Pan" (Poetas, Andantes e Navegantes).

Ó comezo da guerra civil, integrado na «Alianza de Intelectuais Antifascistas para a Defensa da Cultura», enrolouse como miliciano e afiliouse ao Partido Comunista. Finalizado o conflito, estivo durante uns meses no campo de refuxiados de Saint Cyprien. En maio de 1939 embarcou para México, onde se adicou ó seu labor xornalístico. Dous anos despois, reencontrouse co seu pai e con amigos como Luis Seoane ou Rafael Dieste en Bos Aires, onde recuperou a actividade política e exerceu como crítico de arte e tradutor do portugués. O golpe de Estado do xeneral Videla en 1976 forzou a Varela a regresar a Madrid onde morreu o 25 de novembro de 1978.

Entre as súas obras destacamos "Catro poemas pra catro grabados" (1944), con ilustración de Luís Seoane, e o poemario sobre a guerra civil e o exilio "Lonxe" (1954).

| | | |
|--|---|---|
| | | |
| Naceu en 1916 a bordo dun barco á entrada da baía da Habana. | No 1920 trasladase a Bos Aires, a finais regresaron a Galicia, instalándose en Lugo. Ali vive o Bacharelato. | No 1935 trasladase a Madrid. |
| | | |
| Durante a guerra civil percorreron diferentes frentes alentando coas súas publicacións o espírito dos combatentes. | No 1939 embarca para México, onde recupera o seu labor como xornalístico. Dous anos despois reencontrouse co seu pai e amigos en Bos Aires. | No golpe de estado no 1976 regresa a Madrid dedicándose as tradución. Morre a 25 de novembro do 1978. |

MARCOS, JOSÉ MANUEL E TERESA - 6º A



LUGO

Na fonte de ferro,
no coiro dos bois,
no espello do vento,
da navalla e da froil.

Xesús LORENZO
VARELA

AGUSTÍN E JESÚS - 6º A

No recén da turba
no loto e no can
nos ollos da meiga,
na pedra do loz.

JOSÉ RAMÓN E SABELA - 6º

Na espina de la
no porfe do alén,
no corcho das avelas,
no cor do meoño.

SALOMÉ, MANUEL E MARÍA - 6º B

No cabalo quente
no viño millos,
no que non se perde
no meu corazón.

CARLA E SARA - 6º A

Xesús Lorenzo Varela caricaturizado polo seu amigo Luís Seoane



Na noite senlleira,
no liño tecido,
na madeira tenra
dos vello castros.

Xesús Lorenzo Varela

TERESA E LIDIA - 6º A

Xesús Lorenzo Varela

Viaxes,
e máis viaxes,
de pequeno
fíxo el,
sin poder facer nada máis que chegar.

Viaxa que viaxa,
vai cansar.

Media vida no avión
e a outra no barco,
sea non pode máis
cabe non se os seus pais,
e ademais,
para enfrontarse con guerras
e mellor non viaxar,
nin por aire,
nin por mar.

OS LUGOS NA PALMA DA MAN.

Para que quere
ter amigos,
se non os pode nin ver,
eu se teño un amigo,
e para andar con el.

JOSÉ RAMÓN - 6º A

Na vida, na morte, no amor e no ren,
louvareite, Lugo de aceiro e de mel.

SONIA E ALEXANDRA - 6º A

O galo

Vai na bretema o gando
o rapaz vai na bretema.
Bretema arriba, bretema abaixo
o canto do galo.

Vai na iauga o gando,
o rapaz vai na iauga.
Pola iauga arriba, pola iauga abaixo
o canto do galo.

Vai na noite o gando,
o rapaz vai na noite.
Pola noite arriba, pola noite abaixo
o canto do galo.

Xesus
Lourinho
Varela

Vai no sono o gando,
o rapaz vai no sono.
Pelo sono arriba, pelo sono abaixo
o canto do galo.

O gando e o mozo
o mozo e o gando,
sentiam arriba, no hórreo do peito,
sentiam debaixo, no valado da alma,
a chirimia de cristal doente
do canto do galo.

Vai na morte o gando,
o rapaz vai na morte.
Pola morte arriba, pola morte abaixo
o canto do galo.

SARA - 6º A

ROMARIA

! Baila meus amos,
e volta de novo a bailar!
Na ponta do pé,
na palma da man.

Uma escada de herba
baixaron os amos
por te ver bailar.
Baila meu sol bailar,
na ponta do pé,
na palma da man.

Casa de cedeja,
mudeis no ar
corre un peixe o corpo
brincando na mar.

! Baila, meus amos,
e volta de novo a bailar!
Xa meus corazon
non é meu nin e
corazon humani:
ten moza e ten pés
e ponse a bailar.
Na ponta do pé,
na palma da man.

! Baila meus amos,
e volta de novo a bailar!

XEILA - 6º B

O galo

Vai na bretema o gando
o rapaz vai na bretema.
Bretema arriba, bretema abaixo
o canto do galo.

Vai na iauga o gando,
o rapaz vai na iauga.
Pola iauga arriba, pola iauga abaixo
o canto do galo.

Vai na noite o gando
o rapaz vai na noite.
Pola noite arriba, pola noite abaixo
o canto do galo.

Vai no sono gando,
o rapaz vai no sono.
Pelo sono arriba, pelo sono abaixo
o canto do galo.

O gando e o mozo
o mozo e o gando,
sentiam arriba, no hórreo do peito,
sentiam debaixo, no valado da alma,
a chirimia de cristal doente
do canto do galo.

Vai na morte o gando,
o rapaz vai na morte.
Pola morte arriba, pola morte abaixo
o canto do galo.

TERESA - 6º A



SEGUIMOS A RECOPIRAR A DIVIÑAS E REFRÁNS

Adiviña

- Ven a cousiña
- do alto mar,
- rosce que rosce
- venme mollar.

Hauga de mar

JOSÉ RAMÓN - 6º A

Adiviña

Atrás dun penedo
naciuno xúa nai,
correu pola terra
e casouse no mar.

ÓSCAR - 6º A

? A DIVIÑA

Usase pra comer,
e non é prata nin culler.

A boca

AGUSTÍN - 6º A

Kaposo durmindo non lle amence a galinha no dente.

Quere decir que se te pos a dormir non gas nada

SALOMÉ - 6º B

VIRGINIA - 6º A

Barravas, petando a pata
traendo flores ata horta
e non as queixas dexar
que as queixas volver baras.

O vento

VIRGINIA - 6º B

Abrel para ser abrel
ten que vir con augas m'el
Este refrán que se dicía que como en abrel
chove moito se é abrel e non chove é
como se non gosa.

Coa axuda do veciño
matau meu pai un porquiño.
Quere dicir que sempre nos fai falta
a axuda dos demais e nunca
debemos rechazala

MARIANA - 6º B



O RATO PACO XA VIVE NAS AULAS

Este ano o Rato Paco voltou a facer das súas. Se xa nos gustaba ir á aula de informática e visitar a súa casa, agora témolo á beira da pizarra e abofé que cada vez que o precisamos el aparece na pantalla. Alí temos dende actividades para repasar o que traballamos na aula ata animacións, imaxes e vídeos que nos axudan a comprender mellor o que a/o nosa/o profe nos está a explicar.

Na súa Casa atoparás vídeos curtos, que che contan dende como canta o grilo ata como se forma un volcán, visitas en realidade virtual como a que fixemos os máis maiores á "Sagrada Familia", animacións que nos contan paso a paso un proceso, información sobre os escritores da letras galegas e un sen fin máis de cousas.

¡Como disfrutamos os máis pequenos oíndo os contos da Casa do Rato Paco!

Coas súas actividades pasámolo pipa, aprendemos e divertímonos. ¡Que máis se pode pedir!



104





PREPARADOS PARA AS EMERXENCIAS

O día 19 de maio fixemos no colexio, en colaboración con Protección Civil, Bombeiros de Ribeira, Policía Local e Nacional, un simulacro de evacuación do edificio escolar, para que, en caso de emerxencia, saibamos como temos que actuar.

ÁNGEL - 5 ANOS



Hoy, 19 de mayo hicimos un simulacro. Vinieron los bomberos y la policía. Nos dejaron montar en los coches. Lo pasamos muy bien. A unos niños los llevaron en el elevador. Al final, non pusieron la manguera y nos mojamos. ¡Lo pasamos genial!

ANA - 4º A



IVÁN - 5 ANOS



CRISTIAN - 4º A



Queremos agradecer a Protección Civil, Bombeiros, Policía Local e Policía Nacional de Ribeira a súa colaboración.






FIXEMOS "ACROSPORT"

Coma novidade neste curso, na clase de Educación Física, os alumnos e alumnas de 5º iniciáronse no "acrosport", un deporte eminentemente cooperativo no que hai que ter confianza nos compañeiros para realiza-las figuras humanas.

Aínda que é descoñecido no noso país pola súa escasa tradición e práctica, este primeiro paso foi de gran agrado para todos-as os-as alumnos-as.



108





"ALMORZO DE TRABAJO"

OS DE 3º ALMORZAMOS NA CLASE

Hoxe, mércores 25 de maio de 2005, os nenos e nenas de terceiro almorzamos na escola.

Onte trouxemos as tazas e unha culler, e puxemos todo na ventana. Hoxe chegamos á escola e vimos que a clase estaba moi bonita. Deixamos as cousas nos casilleiros e fomos lava-las mans. Despois de secarnos sentámonos onde estaban as nosas tazas.

O primeiro que tomamos foi zume de laranxa sen azucre. Estaba moi bo e moitos repetiron. Logo tomamos o leite con cola-caó; uns o tomaron frío, outros quente e outros metade e metade. Comimos galletas, mermelada de fresa, membrillo, queixiños e uns barquillos que trouxo a profe Carmela. Algúns chupaban o leite co barquillo facendo de paixiña.

Non comimos sós. Tamén estaban Concha, Conchi, Carmela, Marisol e Susana. Viñeron visitarnos Elvira, Miguel, Belén, María, Josefina, Sesé e Margarita. Todos eles querían almorzar con nós, pero xa almorzaran nas súas casas.

Cando rematamos fomos lavar os cubertos, os tazóns, as culleres e os pratos. Recollimos as mesas, tiramos o lixo e colocamos as mesas como estaban antes.

Comimos ata fartarnos. Xosé fixo un bocadillo de dez galletas, e Gonzalo outro de nove. Este ano comimos como nunca. ¡Deseño moi bonito!






O TRABALLO DAS MARISCADORAS


A Asociación de Profesionais do Marisqueo a Pé de Galicia "AREAL" realizou unha actividade no Centro, dirixida ó alumnado de 6º curso, para achegar ós nenos e nenas ó areal como medio natural a coidar e respetar e como medio de vida de moitas persoas.

O 25 de maio viñeron darnos unha charla sobre como é o marisqueo na nosa terra. Viñeron dúas mulleres e un home e explicaron como é un día de traballo das mariscadoras. Primeiro reúnense no punto de control para vestirse e para coller a ferramenta e cando xa están listas parten para o lugar onde van traballar. Ó chegar ao lugar collen as ferramentas e van para a praia. Alí collen as ameixas, berberechos e moitos tipos de bivalvos máis. Cando collen o tope necesario van á lonxa onde se miden e se pesan as ameixas e berberechos; hai catro tipos de ameixas e un de berberechos. Estes deben medir unha certa estatura. A ameixa fina debe medir 40 mm. e só se poden coller 2 quilos, a ameixa babosa debe medir 38 mm. e poden coller 2 quilos tamén, a ameixa rubia debe medir 40 mm. e pódense coller os mesmos quilos que as outras e a ameixa xaponesa debe medir 40 mm. e pódense coller 2 quilos e o berberecho debe medir 28 mm. e tamén se poden coller 2 quilos. Sabemos se se poden vender pola medida poñéndoas nunha peneira e as ameixas e berberechos que caen hainos que volver a levar ó mar. Ó acabar a charla fomos ó patio de area dos pequenos a facer un traballo que trataba de coller ameixas e berberechos e medilos. A tarefa foi moi divertida.



CARLA - 6º A

110



SARA - 6º A

O que máis me gustou foi cando agacharon berberechos, ameixas... no patio de area onde tiñamos que encontralas, claro, coas ferramentas que usan os verdadeiros mariscadores. Eu encontrei unha ameixa, leveina xunto a Nel, que era como o lugar de control, e medina.








VIAXE A PONTEVEDRA

O xoves día 26 de maio o colexio de Palmeira organizou unha saída a Pontevedra. Saímos do colexio ás oito e media; cando chegamos a Padrón fomos á estación do tren, alí tivemos que esperar un pouco polo tren. Cando chegou dirixímonos a Pontevedra e alí foi onde comezou a nosa visita. Pasamos por moitas prazas: praza da Leña, praza da Verdura, Praza Méndez Núñez... A praza que máis me gustou foi a praza da Verdura porque, según me explicou a miña mestra, alí a xente mercaba verdura. Na praza da Leña puidemos visitar o museo. Alí explicaron cousas sobre xente moi importante, xoias, cadros, coleccións de tacos de madeira e eu ó principio pensaba que eran libros. Logo baixamos a un camarote dun barco, puidemos observar como sería un barco por dentro. Despois fomos ó lago de Castiñeiras onde comemos e xogamos. ¡Pasámolo bomba!

MELISA - 4º B



CONCERTO DIDÁCTICO

O día 31 de maio viñeron uns músicos do Conservatorio de Ribeira a darnos un concerto. Había tres chicas e tres chicos. As chicas tocaban o violín e eles tocaban o violonchelo, a trompeta e o saxofón.

Os músicos nos explicaron como era cada instrumento e nos preguntaron a que familia pertencía cada un; nós acertamos algunhas veces, e outras non. Dixéronnos que a música era maxia e que viña do corazón.

O concerto que nos deron era de música clásica. Tocaron pezas de Mozart e doutros músicos. Pasámolo ben e gustounos moito.


NENAS E NENOS DE 3º

Eles din que a música é maxia e si cerramos os ollos podemos imaxinar cousas coma: unha montaña, unha praia, incluso un polo como imaxinou sergio. O que imaxinei eu foi un bosque repleto de fadas e fantasía; pero tamén vimos instrumentos e como se tocan: violonchelo, viola, violín, trompeta e o saxofón, o meu instrumento preferido.


MELISA - 4º B



CLARA - 4º B



LORENA - 4º B



SERGIO - 4º B



ALEXANDRE - 4º B



ELISA - 4º B




MAITE - 4º B



DEBUXANDO COMO MIRÓ

Os nenos e nenas de 3º coñeceron a vida e a obra do pintor Joan Miró. Gustáronlle moito os seus cadros e quixeron pintar coma el.



DIBUJANDO EXTRATERRESTRES EN EL JARDÍN



A SERPE COMILONA COME A UN EXTRATERRESTRE



EL HOMBRE EN LA ISLA



O DUENDE MÁXICO



OS ANIMAIS NO BOSQUE




LA GRANJA DE JUAN CON ANIMALES

Joan
Miró



Para ver máis debuxos, e coñecer a vida e a obra de Joan Miró podedes entrar no noso Museo Virtual da páxina web do colexio:



<http://centros.edu.xunta.es/ceipdepalmeira/Museo/miro.htm>



PRIMEIROS AUXILIOS

Na clase de Educación Física, coa profe Yolanda e co profe Anxo o alumando de 5º e 6º aprendeu as normas básicas para reaccionar en caso de accidente.

CAIXA DE URXENCIAS

Debe estar colocada nun lugar alto, fora do alcance dos máis pequenos. Ten que haber:

- 1 - Termómetro
- 2 - Algodón
- 3 - Gasas estériles (paquetes de cinco)
- 4 - Desinfectante (hibitane, betadine...) O alcol non é un bo desinfectante.
- 5 - Tiritas de varios tamaños
- 6 - Tesoiras
- 7 - Pinzas (para extraer obxectos pequenos)
- 8 - Vendas de varios tamaños
- 9 - Imperdibles
- 10 - Esparadrapo para fixar gasas ou vendas.
- 11 - Auga osixenada.

ATENCIÓN

Unha vez ó ano tes que revisar o contido da caixa de urxencias e a data de caducidade de tódolos materiais.

FERIDAS LEVES

- Lavar ben as mans con auga é xabrán.
- Lavar a ferida con auga quitando cousas estrañas (area, pedriñas...) cun chorro de auga non moi forte.
- Desinfectar a ferida con betadine ou con hibitane.
- Colocar unha gasa estéril ou unha tiritita. Non usar algo dón porque os fíos quédanse pegados á ferida e cando se sacan, á ferida volve sangrar.
- Cambiar a cura unha vez o día.

Amin pareceume curiosa unha cousa que era de feridas leves:
- Cando tes unha ferida pequena límpaa con xabrán, móllaa con auga, bótalle betadine e tápaa cunha tiritita.

DIEGO - 5º A

FERIDAS GRAVES

- Se a ferida é grande e profunda e hai unha hemorraxia na cabeza, barriga, peito...

PRIMEIRO: - Chamar ó 112 ou ó 061

E mentres esperamos á ambulancia podemos axudar. ¿De que maneira?


- Se o golpe foi na cabeza, tapala cun pano limpo para evitar infeccións.
- Se foi na cara. Tapar a ferida cunhas gasas, pano limpo, etc. Presionar un pouco ata que pare de sangrar.
- Se segue sangrando seguir poñendo gasas ou panos enriba dos outros e seguir presionando.

ATENCIÓN

Se cravamos un cristal, punta, pao, ferro...
NUNCA INTENTAR QUITALO
¿POR QUE?
Podemos producir hemorraxias moi graves.

114

VENDAXES



LAURA - 5º B



ARTURO - 5º A



QUEIMADURAS

Existen varios tipos de queimaduras:

- 1 - Térmicas: sol, escaldaduras, lume.
- 2 - Químicas: ácidos
- 3 - Eléctricas: electrocucións.

Queimaduras leves ou pequenas: ¿Qué facer?
Refresca-la zona con auga fría.

ATENCIÓN

Non estalar as ampolas e non quitar a pel morta. Non apretar a parte queimada. Non usar nunca: Mantequilla, betadine, aceite, pasta de dentes.

ACTUACIÓN ANTE UN ACCIDENTE OU EMERXENCIA

PRIMEIRO: - Evitar novos accidentes e pedir axuda. **Chamar ó 112 ou ó 061** e explicar:
- O que pasou: se as feridas están na cabeza, na man, nas pernas...; se sangra polo nariz, boca ou orellas....
- O noso nome, e se o sabemos, o do ferido.
- O lugar do accidente: onde está o ferido e como chegar a él.

A continuación:

- 1 - Miramos se o ferido ten pulso ou se respira. ¿Cómo? Para ver si respira poñemos a orella preto da súa boca ou miramos se o peito se incha ou non. Para ver se ten pulso poñemos os dedos no pescozo (localizando a carótida).
- 2 - Non move-lo ferido, porque o podemos lesionar gravemente.
- 3 - En caso de que vexamos que teña frío, ou chova; tapalo un pouco ata que chegue a ambulancia.
- 4 - Se non respira ou non ten pulso:

R.C.P. (REANIMACIÓN CARDIO PULMONAR)

- Colocamos ó ferido boca arriba e a cabeza hacia atrás
 - Tapamos o nariz con dous dedos dunha man.
 - Collemos aire, xuntamos os beizos cos del e soplamos
- FACEMOS ISTO DÚAS VECES**

Se recupera a respiración e o pulso poñémolo na posición de seguridade.

SE NON: **MASAXE CARDÍACA**

- 1 - Colocar o neno boca arriba e axeonllarse xunto a el.
- 2 - Co brazo entendido e coa parte da man máis preto do pulso presionar a medida de dos dedos por enriba do esternon.

¡GUSTOUNOS MOITO E APRENDEMOS COMO RE-ACCIONAR NUN CASO DE EMERXENCIA!

Estes días estivemos practicando primeiros auxilios. Anotámo-las cousas na libreta e despois empezaron as prácticas. Aprendemos a facer un cabestrillo cun pano con forma de triángulo. Despois vendamos muñecas e nocellos e suxetámo-las vendas cun gancho. Despois tamén fixemos a R.C.P. (Reanimación Cardio Pulmonar) cun boneco. Botaselle a cabeza para atrás, pechámoslle o nariz, abrímo-la boca e soplamos dúas veces. Despois fanse quince presións. Por último fixemos a posición de seguridade. A min o que máis me gustou foi poñer vendas nas muñecas e nos nocellos.

ANA MARÍA - 5º B



115



ALTERNAR 15 PRESIÓNS E DÚAS INSUFLACIÓNS.



- ¿A min? ¿O que máis me gustou?
- Non sei, pero a masaxe cardiaca foi moi divertida. Sorte que foi cun boneco porque algún, a unha persoa de verdade lle rompería unhas cantas costelas.

ANA BELÉN - 5º B



DÍA DO MEDIO AMBIENTE

O luns, día 6 de xuño, e coa fin de celebrar o Día Mundial do Medio Ambiente, fixemos unha saída á Praia da Corna para lembrar o traballo que fixemos nela ó longo do curso, dentro do proxecto de educación medioambiental titulado “NA BEIRA DO MAR... HAI MOITO QUE VER”, para comprobar o seu estado de conservación e limpeza e para ver o cártel que fixemos.

Tamén aproveitamos para devolver ó mar tódolos animais que tiñamos no acuario. O obxectivo desta visita foi que todos e todas viramos a importancia de coidar o lugar onde vivimos, onde xogamos, onde nos bañamos..., e o ben que nos fai sentir ter o noso contorno limpo e ordenado. Ademais, todos e todas sabemos que a saúde do noso planeta está nas nosas mans.



O 6 de xuño fomos á praia da Corna para observar o seu estado despois da limpeza anterior. Levamos ós máis pequenos con nós da man ata alí, onde vimos que se conservara bastante ben, botamos unhas risas, xogamos cos profesores, etc. En fin, pasámolo moi ben.

JOSÉ RAMÓN - 6º A





TAMÉN A A.N.P.A. TRABALLOU MOITO

As nais da Xunta Directiva da ANPA, organizaron as actividades que ó longo de todo o curso realizaron polas tardes os nenos e nenas do colexio. Este ano a oferta foi ampla e variada, e contaron coa colaboración do Concello que enviou monitores para Balonamn e Xadrez. As actividades que se ofertaron foron:

- Baloncesto



118

- Balonman

- Teatro





- Gaita e Percusión



- Karate



- Natación

- Pintura

- Xadrez

O grupo de teatro participou, baixo a dirección de Chiqui Durán, na Mostra de Teatro que se celebrou no Auditorio de Ribeira.

119



O profesorado do Centro quere agradecer o traballo desinteresado destas nais en favor de toda a Comunidade Educativa.

Queremos transmitir especialmente o noso agradecemento a Celia, que despois de moitos anos traballando dende a ANPA, este ano deixará a Asociación; así mesmo, dar a benvida a Loli como nova presidenta, que sabe que pode contar co apoio e axuda de todo o profesorado.

Tamén queremos animar a tódalas nais e pais de alumnos-as do Centro a formar parte de Asociación, xa que tódalas actividades que se fan dende ela, redundan en beneficio da Comunidade Escolar.



NO TEU TEMPO DE LECER, BUSCA UN RATO PARA LER

Algúns nenos e nenas quixeron recomendar libros que leron e que lles gustaron moito, para que todos-as nós podamos pasar un rato agradable con eles.



HISTORIA DUNHA SOBREIRA
Ramón Caride
Ilustracións de Suso Cubeiro
Montaña Encantada. Serie Verde
Ed. Everest Galicia. León, 2002

O que máis me gustou deste libro foi cando os nenos evitaron que se cortara a sobreira.

ARIADNA - 4º A



LOS SECRETOS DE LAS PIRAMIDES
Graham White, Cristina Rodríguez Fischer
Ed. Blume

Gustoume este libro porque me gustan as antigüidades.

MANUEL I. - 4º A

MEMORIAS DUNHA GALIÑA
Concha López Narváz
Editorial Anaya



Trata dunha galiña que conta a súa vida e di o que lle pasa. Aprendín moitas cousas sobre as galiñas: Que as galiñas con máis plumaxe e máis gordas son as que papan a comida primeiro e comen mellor.

Houbo momentos tristes e divertidos, pero me gustou moito. E ademais entusiásmate tanto que se le moi rápido. É un libro moi divertido, entusiásmate moito.

ANTÍA - 5º A


120



NO CORAZÓN DO BOSQUE
Agustín Fernández Paz
Grupo Anaya Infantil-Juvenil

É dunha nena que vai a unha fraga de excursión.

ANA - 4º A



AS BOLBORETAS DOURADAS
Anxela Gracián
Ilustracións de Cruz Lago
Col. Sotelo Blanco Infantil e Juvenil
Trata de aventuras na natureza. As protagonistas son bolboretas. Tamñen ensina cousas como a non deixarse levar pola ambición e o egoísmo.

CLARA - 4º B

LA CASA ENCANTADA DE MARTA Y MARÍA.

Pat Ross.
Austral Juvenil

Trata de dúas rapazas que viven nun piso. As dúas son moi amigas e visten igual. Elas quería ser xemelgas. Gustoume porque os debuxos son moi simpáticos e porque describen moi ben ás nenas.




ANTÍA - 5º A



LIBROS RECOMENDADOS POLO ALUMNADO DE 1º B

| Título | Autor | Editorial |
|------------------------------|----------------------------|---------------------------------|
| Paco | P. Carballeira e B. Barrio | Kalandraka |
| Os bolechas van de excursión | Pepe Carreiro | A Nosa Terra – Xunta de Galicia |
| El sapo verde | Violeta Monreal | |
| Mi primer teléfono | R. Burrows e J. Miglis | Anaya |
| Mi primer libro de medidas | K. Faulkner | SM – Infantil |
| Estoy enfadado | B. Moses | SM |
| Os tres bandidos | T. Underer | Edelvives |
| Mi perro Roque | C. Heens | Kalandraka |
| Chucho Cacho | Xoan Cabanas | Edelvives |
| La bruja y el maestro | M. Landa | Xerais |
| Elmer | D. Mckee | Anaya - Sopa de libros |
| | | Xerais |

LIBROS RECOMENDADOS POLO ALUMNADO DE 5º



HARRY POTTER
(Varios títulos)
JOANNE K. ROWLING
Editorial: SALAMANDRA

Interesantes e entretidos.



O ARMARIO NOVO DE RUBÉN

Xabier P. Docampo
Edicións Xerais
É dun rapaz ó que lle puxeran un armario novo e entrou nel e percorreuno todo pasando por diferentes habitacións.

O MISTERIO DO CEMITERIO VELLO



FINA CASALDERREY
Editorial: S.M

Gústanos porque nel hai misterio e ruidos.

O MISTERIO DOS FILLOS DE LÚA



É un libro de suspense que conta as aventuras de David e Branca intentando atopar ós fillos de Lúa que é a súa gata.

121



ASTÉRIX Y OBÉLIX
(Varios títulos)
RENÉ GOSCINNY
Editorial: SALVAT



AVENIDA DO PARQUE, 17
Agustín Fernández Paz
Edicións Xerais

Libro de misterio e medo no que che entrarán os nervios por saber o que lle pasa despois ó protagonista.



¡HERMANOS HASTA EN LA SOPA!
TERESA BROSETA
Editorial: S.M.

Ten unha protagonista cunha familia rara.

O MALEFICIO DE CLIFF MENISH

É un libro de aventuras no que cando cres que se acabaron os problemas, empezan de novo.



COMEZA UNHA NOVA ANDAINA

Coma tódolos anos, ó achegarse o final do curso temos que despedir ó alumnado de 6º que marcha o Instituto de Secundaria. Desexamos que teñan sorte nesta nova viaxe que van emprender.

O ADEUS

Sentirei nostalgia e tristeza cando deixo este colexio. Dende os 3 anos tiven boísimos profesores. Este colexio fíxome cambiar, madurar e saber que podía facer moito máis do que cría.

Hai uns anos, nada era así, era pequeno e só pensaba en xogar e nin de broma sabía tanto como agora. Durante 4º e 5º comeza a miña paixón pola lectura, e os meus coñecementos ampliáronse moitísimo entre 5º e 6º, e débollo ó meu profesor que comparte algúns dos meus gustos.

Son moi curioso, teño afán de coñecer e son testán a non poder máis, cando creo en algo, non hai quen de facerme cambiar de idea, e non acepto un sí porque sí, nin unha explicación inacabada. Eso levoume a discusións estes últimos anos, e creo que esas discusións son en gran parte as que máis me cambiaron. E aínda que sempre estaba equivocado, tamén creo que se aprende mellor dos erros ca tendo sempre razón. En fin, eu nunca me iría deste colexio, pero así é a vida. Este colexio, xunto cos meus compañeiros marcarán a miña vida.

JESÚS

ÍMONOS (Imaxinando o último día no cole)

Hoxe é día 27 de xuño, vámonos ir do colexio de Palmeira. Aínda estamos na clase. Dentro dun momento sairemos á pista do recreo. Seremos os primeiros en bailar. Mentres que escribo isto córrenme as bágoas pola cara porque dentro dunhas horas despedireime deste maravilloso colexio. Agora estoume acordando do primeiro día que entrei, por primeira vez, neste colexio. O primeiro que vin foi unha gran escaleira, logo fun coa profe Sesé ata a miña primeira clase. Coñecín ós meus primeiros amigos e puxen o meu primeiro mandilón, fun ó meu primeiro recreo a xogar cos meus primeiros amigos. Logo todos estiveron conmiigo para presentarme a todos. ¡Que tempos aqueles! Agora vou bailar cos meus compañeiros. Un bico a Anxo e Susana. Bueno, despídome, vou saír á pista e vou facelo moi ben. ¡ADEUS COLEXIO DE PALMEIRA, NUNCA TE OLVIDAREI!

MARCOS





PROFESORADO 04-05



Desexamos bo verán a tódala Comunidade Escolar.

Esta revista gañou un accésit no concurso "Entre Nós en Galego"



*** Esta revista foi maquettata por profesorado integrante do Equipo de Novas Tecnoloxías do Colexio.**

*** Pódese ver a toda cor na nosa páxina web:
<http://centros.edu.xunta.es/ceipdepalmeira/>**



*** (C) Colexio de Educación Infantil e Primaria de Palmeira**



CEIP de Palmeira
Lomba S/N - Palmeira
15.950 - Ribeira - A Coruña
tlfno. 981 838281 Fax: 961 838142
correo-e: ceip.palmeira@oda.xunta.es
www.centros.edu.xunta.es/ceipdepalmeira/



- Pensar que vou abandonar este colexio ponme a pel de galiña, xa que levo desde os tres anos aquí.
- Tal vez faga outros amigos. Os que conexo esqueceráanse de min pero eu deles non.
- O mellor é que vou conecer outros amigos e aprender cousas novas.
- Nos anos que estiven aquí pasáronme moitas cousa, tamén houbo moitas sorpresas, fixen amigos, divertínme....
- Celebramos o antroido, o samaín, o magosto, o día da paz e moitas actividades máis..... Estes anos foron moi divertidos.
- Grazas por aprenderme a facer as cousas da vida.
- Estes nove anos na escola foron maravillosos.
¡Neste colexio paseino pipa!













